

TRABALLO PARA A SEMANA DO 23 AO 27 DE MARZO

Ademais das tarefas para cada sesión que se propoñen neste documento, as alumnas e alumnos deberán ir escribindo un diario sobre as súas vivencias nestes días. Non é preciso escribir estritamente tódolos días, mais si un mínimo de 3 días á semana. Débense escribir unhas 10 liñas de cada vez. Isto pódese facer no caderno ou en folios á parte (como fixemos co “libro” de relatos). Ademais, se se fai a ordenador, pódese ir enviando isto ó meu correo (olalla.linhares@gmail.com) e eu irei facendo as correccións pertinentes.

Como a semana pasada a carga de traballo foi bastante e con exercicios do libro, desta volta a proposta de actividades é un pouco diferente para que o alumnado vaia traballando con contidos diversos. .

1ª sesión

1. Copia no teu caderno o seguinte trabalinguas e despois grava un audio de ti mesmo/a léndoo. Podes utilizar *gheada* e *seseo* cando fales, de feito é positivo que o fagas. Garda ese audio no teu teléfono ou no de alguén da túa familia para escoitalo ó volver ás aulas.

O vello revello sapatandello

Érase unha vez un vello revello sapatandello
que foi ó monte remonte sapatandonte
e detrás dunha pedra revella sapatandella
encontrou un cuíño rebiño sapatandiño.

Levouno á casa rebasa sapatandasa
díxolle o vello á vella revella sapatandella:

“Toma este cuíño rebiño sapatandiño
e bótao na olla rebolla sapatandolla,
que eu vou á misa remisa sapatandisa
e logo veño.

Ten coidado co gato rebaso sapatandaso
non che leve un pedazo”.

Ao vir da misa remisa sapatandisa
díxolle o vello á vella revella sapatandella:

“Onde está o cuíño rebiño sapatandiño?”

“O cuíño sapatandiño levouno o gato rebaso sapatandaso.”

ME CAGO NO GATO REBASO SAPATANDASO, SE VOU ALÍ DOULLE UN
PAUSASO.

2. Procura no trabalinguas da páxina anterior:

- Un pronome persoal tónico.
- Un verbo en presente de indicativo.
- Un verbo en pretérito de indicativo.
- Un verbo en modo imperativo.
- Un verbo en infinitivo.
- Un substantivo concreto.
- Un determinante artigo.
- Un determinante demostrativo.

Anota cada unha destas palabras no teu caderno.

2ª sesión

1. A continuación aparecen unha serie de preguntas que debes facerlle a unha persoa maior que estea ou estivera casada (como teu avó ou avoa). Podes facelo con alguén que viva contigo ou chamando por teléfono. Debes anotar no teu caderno as preguntas e as respostas fixándote ben na ortografía e en como redactas.

1. Cal é o nome do seu/súa esposo/a?
2. En que data casou?
3. Cal foi a parroquia na que se oficiou a voda? Como se chamaba o párroco?
4. Quen foron os padriños?
5. Como eran os traxes?
6. Cantos convidados asistiron aproximadamente?
7. Onde se celebrou o convite?
8. Houbo música? Que cantante estaba de moda nese momento? Lembras algunha canción del ou dela?
9. Cal foi o menú?
10. Tiveron fillos/as despois deste matrimonio? Cantos?

3ª sesión

1. Visualiza o seguinte vídeo e grávate a ti mesma/o presentándote en lingua de signos. Garda ese vídeo no teu teléfono ou no de alguén da túa familia para visualizalo ó volver ás aulas.

https://www.youtube.com/watch?time_continue=114&v=x5NSyvBe3DY&feature=emb_logo

4ª sesión

1. Compón, como mínimo, tres coplas de regueifa relacionadas co que estás a vivir nestes días. Debes escribilas no teu caderno.

Para calquera dúbida o correo de contacto é olalla.linhares@gmail.com.

Ánimo!